



NORMAS XERAIS CAMPAMENTOS DE VERÁN, SEMANA SANTA E NADAL

As persoas participantes nos campamentos están obrigadas a:

- Incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos.
- Acudir á actividade cumprindo con todas as medidas dictadas polas autoridades sanitarias.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras ou titoras ou persoa debidamente autorizada por estes/as, e será responsabilidade destes/as o traslado para o regreso ao seu domicilio.
- A identificarse para a recollida das/os menores á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizados/as na solicitude.
- A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolva.
- Avisar con antelación á persoa coordinadora do campamento, de ser o caso, de enfermidades, alerxias, intolerancias ou calquera outra característica que a nivel de saúde deba coñecer o monitorado.
- A non transferir a praza asignada.

Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

O desprazamento á sede de cada actividade correspondelle a cada usuario/a.

Non se permiten aparatos electrónicos de ningunha índole. De ser detectados, seranlle retirados ata a saída da actividade.

A organización non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro.

Servizo Aula Matinal (opcional).

Este servizo facilita a conciliación laboral ao poder diexar aos/ás nenos/as no campamento. Durante este tempo non se realizan actividades pero os/as nenos/as están atendidos por monitores e monitoras.

Servizo Fiameira (opcional).

En cada campamento haberá dispoñible unha neveira onde conservar os alimentos e un microondas.

En caso de necesidade, poderase empregar un microondas, que será xestionado co apoio dun monitor ou monitora.

En todo momento os usuarios/as estarán atendidos por un número suficiente de monitores que garanta que efectúen a comida correctamente e coas garantías de hixiene e distanciamento procedentes.

RECOMENDACIÓNS

Imprescindible:

- **Roupa e calzado cómodo**, que permita xogar e facer obradoiros. Colocar o nome en lugar visible.
- **Gorra e Mochila**. Colocar o nome en lugar visible.
- **Auga e merenda** para a media mañá.
- **Protección solar**: aplícala na casa antes de saír e enviarlle o bote marcado na mochila para volver a aplícala máis tarde (* so campamentos **VERÁN XOVE**).

Actividades de auga (* so campamentos **VERÁN XOVE):**

No caso de actividades na praia, xogos con auga, etc, levar toalla de praia, bañador e calzado para meterse na auga (a poder ser que suxeiten o pé por diante e por detrás) .

Medicación:

Os medicamentos deberán entregarse e recollese da man da persoa responsable da actividade (nunca enviar na mochila), así como estar marcados con nome e apelidos do/a rapaz/a, hora da toma e dose a administrar.